

***ORDE do dd do mm do 2023 pola que se regula o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo da Axencia da Calidade Alimentaria de Galicia procedente do suprimido Instituto Galego da Calidade Alimentaria (código de procedemento AP100A)***

O artigo 31 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega creou o Instituto Galego da Calidade Alimentaria como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

En desenvolvemento da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, publicouse o Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma regula por primeira vez, dun modo conxunto, estruturado e ordenado, a organización e o réxime xurídico da Administración autonómica e das entidades que van integrar o sector público autonómico. En concreto, a disposición transitoria terceira da Lei establece que as normas de organización e funcionamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria deberán adecuarse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas.

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos acometeu a adecuación prevista na Disposición transitoria terceira da Lei 16/2010. Consonte á prescrición da Disposición adicional primeira do Decreto, a nova axencia subrógase en todas as relacións xurídicas, os bens, dereitos e obrigas do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, asumindo as súas competencias e funcións legalmente atribuídas.

O Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, establece as bases ás que se suxeitarán os procedementos de integración voluntaria do persoal das entidades afectadas polo seu ámbito de aplicación e establece os efectos da citada integración.

De conformidade co marco normativo anteriormente indicado, mediante escrito da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural solicitouse a iniciación do procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo adscrito á Axencia Galega da Calidade Alimentaria procedente do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Recibida a dita solicitude procede aprobar esta orde, que ten por finalidade regular o procedemento de integración como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia do

persoal laboral fixo adscrito á Axencia Galega da Calidade Alimentaria procedente do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria, baixo os principios de voluntariedade, homologación e homoxeneidade, nas condicións previstas na normativa do persoal laboral da Xunta de Galicia.

O seu contido adecúase aos principios de boa regulación contidos no artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, ao responder o procedemento regulado nela á satisfacción do interese xeral, derivado da necesidade de tender ao establecemento dun único réxime xurídico de todo o persoal laboral que presta servizos nesta administración. Así mesmo, o seu texto cumpre coa debida proporcionalidade xa que contén a regulación imprescindible para acadar o obxectivo da norma. Coa finalidade de garantir os principios de seguridade xurídica e transparencia, xérase un marco normativo claro que facilita o seu coñecemento e comprensión. Finalmente, en cumprimento dos principios de simplicidade e eficacia, o texto evita cargas administrativas innecesarias e posibilita unha mellor racionalización na xestión dos recursos humanos.

Na orde non se recolle un anexo dos postos de traballo aos que se adscribiría ás persoas solicitantes da integración que cumpran os requisitos. O posto de traballo ao que se adscriba o persoal interesado será o mesmo que viña desempeñando no momento da solicitude de integración ao abeiro do correspondente contrato de traballo como persoal laboral fixo da entidade de procedencia.

Por todo iso, en virtude das competencias conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e polo Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e logo de negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos,

## ACORDO

### ***Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación (código de procedemento AP100A)***

1. A presente orde ten por obxecto regular o procedemento de integración como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (código de procedemento AP100A) do persoal laboral fixo Axencia Galega da Calidade Alimentaria procedente do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

2. Poderá exercer a opción para integrarse como persoal laboral da Xunta de Galicia o persoal laboral da Axencia Galega da Calidade Alimentaria procedente do Instituto Galego da Calidade Alimentaria que reúna os seguintes requisitos:

- a) Ter un contrato laboral fixo co Instituto Galego da Calidade Alimentaria, formalizado tras un proceso de selección realizado baixo os principios constitucionais de publicidade, mérito e capacidade, de conformidade co previsto na normativa vixente no momento da súa incorporación.
- b) Ter a titulación establecida no anexo II e cumprir os requisitos esixidos para o acceso ao grupo e a categoría de homologación do V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
- c) Estar en situación de servizo activo ou en situación que orixine dereito á reserva de praza ou posto.

3. Non poderá exercer a opción para integrarse como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia o persoal vinculado ao Instituto Galego da Calidade Alimentaria por un contrato de alta dirección ou mediante una relación laboral de carácter temporal ou indefinida non fixa. Igualmente, tampouco poderá exercer o dereito de opción o persoal de carácter eventual ou alto cargo que non tivera a condición de persoal laboral do Instituto.

A non opción pola integración activará os efectos previstos no artigo 9.3 do Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan abxecto de creación, adaptación ou extinción.

## **Artigo 2. *Solicitud e prazos***

1. A solicitude de integración dirixirse á Secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia, segundo o modelo de solicitude que se xunta no anexo II.

2. As solicitudes presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para emenda a través da presentación electrónica. A tal efecto considerarase como data de presentación da solicitude a de presentación da emenda. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

## **Artigo 3. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes***

Todos os trámites administrativos que a realizar polas persoas interesadas trala presentación da solicitude deberán efectuarse electronicamente accedendo ao Cartafol cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### **Artigo 4. *Comprobación de datos***

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á consulta:

- a) Contrato de traballo que acredite a condición de persoal fixo no Instituto Galego da Calidade Alimentaria.
- b) Títulos oficiais universitarios e non universitarios
- c) Retribucións percibidas durante o ano anterior á data de publicación da presente orde, detallada por conceptos e mensualidades.
- d) Resolución de concesión da situación administrativa do solicitante que se atope en situación distinta da de servizo activo.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no espazo correspondente habilitado no formulario e presentar os documentos preceptivos. Cando a normativa aplicable o esixa solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitara a obtención dos datos, solicitarase ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### **Artigo 5. *Tramitación***

1. Examinadas as solicitudes, a Secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural requirirá, no seu caso, ás persoas interesadas para que, no prazo de dez días hábiles, presenten ou completen a documentación que consideren necesaria a efectos de continuar a tramitación do procedemento. De non presentar a documentación solicitada no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude e procederase á resolución do arquivo correspondente, de conformidade co artigo 68

da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Recibidas todas as solicitudes e a documentación correspondente, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, remitirá á Dirección Xeral da Función Pública unha proposta que conterá:

- a) A relación de persoal que a mencionada secretaría xeral técnica considere que reúne os requisitos para integrarse como persoal laboral da Xunta de Galicia, con indicación do grupo e categoría profesional de homologación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, posto de traballo e o carácter da adscrición a este.
- b) A relación do persoal que a secretaría xeral técnica considera que non reúne os requisitos para integrarse como persoal laboral de la Xunta de Galicia.

3. Xunto coa proposta achegaranse en formato electrónico os expedientes individuais cos documentos necesarios para determinar o cumprimento dos requisitos de integración, acompañados dun índice documental. Tamén se achegará un certificado expedido pola entidade de adscrición das retribucións percibidas durante o ano anterior á da data de publicación da presente orde, detallada por conceptos y mensualidades.

4. Recibida a documentación indicada, a Dirección Xeral da Función Pública, solicitará informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

5. Créase unha comisión formada por representantes da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral da Función Pública, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Rural e unha persoa proposta por cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos da Xunta de Galicia, que deberá elaborar un informe sobre o cumprimento dos requisitos das persoas interesadas para integrarse como persoal laboral da Xunta de Galicia, o grupo e categoría profesional na que se produciría, o posto de traballo no que se integra e o carácter da súa adscrición. Así mesmo, a comisión velará polo cumprimento da normativa en materia de igualdade no procedemento de integración, debendo incluír no informe os resultados desta función. O informe remitirase á Dirección Xeral da Función Pública.

Na comisión procurarase unha composición paritaria de mulleres e homes, conforme ao disposto pola disposición adicional primeira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

6. Examinada á documentación sinalada nos puntos anteriores, a Dirección Xeral da Función Pública, á vista dos antecedentes que figuren no expediente, realizará a correspondente proposta de integración que remitirá á persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, para que resolva o que proceda mediante orde.

7. O transcurso dun prazo de tres meses desde o vencemento do prazo de presentación das solicitudes sen ditarse resolución habilitará ás persoas interesadas para entender desestimadas as súas solicitudes.

#### **Artigo 6. Efectos da integración**

1. A resolución de integración determinará o grupo e a categoría profesional do V Convenio colectivo único de la Xunta de Galicia no que se integra ao persoal interesado, o posto no que se integra y o carácter da adscrición.

A estes efectos, o posto de traballo ao que se adscriba o persoal interesado será o mesmo que desempeñase no momento da solicitude de integración, ao amparo do correspondente contrato de traballo como persoal laboral fixo da entidade de procedencia. Na primeira modificación da RPT que se produza asignarase a cada posto o seu correspondente código alfanumérico, denominación, natureza xurídica e demais circunstancias previstas polo artigo 38.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

2. A integración suporá a novación da relación contractual e comportará a formalización dun contrato de traballo como persoal laboral fixo da Administración Xeral da Xunta de Galicia.

3. Ao persoal que como consecuencia da integración experimente unha diminución no cómputo anual das retribucións fixas e periódicas recoñeceráselle un complemento persoal de integración, de carácter transitorio, consistente na diferenza de retribucións, nos termos establecidos na disposición transitoria primeira do Decreto 129/2012, de 31 de maio, de tal xeito que a equiparación total completárase nun prazo máximo de seis anos dende a súa integración como persoal laboral da Xunta de Galicia.

4. Consonte coa prescrición no artigo 12.5 do Decreto 129/2012, do 31 de maio, o persoal laboral integrado recibirá o recoñecemento de servizos para o cálculo da antigüidade, a efectos de trienios, para adecuar a súa antigüidade en termos de homoxeneidade coa prevista no Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, sen prexuízo do disposto na Lei 4/2021, de 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.

5. Ao persoal integrado aplicaráselle, a todos os efectos, o réxime económico e xurídico do V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, sen que en ningún caso orixine dereito a indemnización.

6. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria emitirá a correspondente dilixencia de integración do persoal integrado.

#### **Artigo 7.** *Efectos da non integración*

O persoal laboral fixo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria procedente do Instituto Galego da Calidade Alimentaria que non solicite a súa integración ou, unha vez solicitada, renuncie voluntariamente á mesma, así como as persoas solicitantes que non cumpran os requisitos para a integración, manterán as condicións laborais establecidas no Decreto 129/2012, do 31 de maio, sen prexuízo do disposto na disposición adicional terceira e no ordenamento laboral.

#### **Artigo 8.** *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Consonte co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/o teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través del Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá crear de oficio o enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas do seu deber de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións consideraránse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido e entenderánse rexeitadas logo do transcurso de dez días naturais desde a posta a disposición sen acceso ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fora posible por problemas técnicos practícarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Artigo 9.** *Publicación dos actos*

A orde que resolva o procedemento publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nela incluírase o listado de persoas integradas, grupo e categoría de integración e, no seu caso, o posto de traballo adxudicado. Tamén incluírá o listado de persoas non integradas, con expresión da causa de desestimación da integración.

**Disposición final primeira.** *Normativa de aplicación*

Ademais do previsto nesta orde, o procedemento de integración rexerá polo establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación o extinción.

**Disposición final segunda.** *Entrada en vigor*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xx de 2023

Miguel Corgos López-Prado  
Conselleiro de Facenda e Administración Pública



ANEXO I



PROCEDIMIENTO <b>INTEGRACIÓN COMO PERSONAL LABORAL FIJO DE LA XUNTA DE GALICIA</b>		CÓDIGO DEL PROCEDIMIENTO <b>AP 100A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUD</b>
<b>DATOS DE LA PERSONA SOLICITANTE</b>			
NOMBRE	PRIMER APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO	NOMBRE DE LA VÍA	NÚM.	BLOQ. PISO PUERTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA		LUGAR	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	AYUNTAMIENTO	LOCALIDAD
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<b>Y, EN SU REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse la representación fidedigna por cualquiera medio válido en derecho)			
NOMBRE/RAZÓN SOCIAL	PRIMER APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<b>DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>			
<p>Todas las notificaciones a las personas interesadas se realizarán solo por medios electrónicos a través del Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a></p> <p>Solo se podrá acceder a la notificación con el certificado electrónico o Chave365.</p> <p>Se emitirán avisos de puesta a disposición de la notificación en el correo electrónico y/o teléfono móvil facilitados a continuación y que se podrán cambiar en cualquier momento a través de Notifica.gal:</p>			
TELÉFONO MÓVIL	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
<b>DATOS ESPECÍFICOS DEL PROCEDIMIENTO</b>			
SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE LA PERSONA SOLICITANTE	GRUPO Y CATEGORÍA PROFESIONAL DE HOMOLOGACIÓN DEL V CONVENIO COLECTIVO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
NÚM. DOG DE LA CONVOCATORIA DEL PROCESO SELECTIVO PARA ACCEDER A LA CATEGORÍA DESDE LA QUE SE SOLICITA LA INTEGRACIÓN	NÚM. DOG DE LA RESOLUCIÓN DE LA CONVOCATORIA DEL PROCESO SELECTIVO PARA ACCEDER A LA CATEGORÍA DESDE LA QUE SE SOLICITA LA INTEGRACIÓN		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>			
Los documentos relacionados serán objeto de consulta a las administraciones públicas. En caso de que las personas interesadas se opongan a esta consulta, deberán indicarlo en la casilla correspondiente y aportar una copia de los documentos.			ME OPONGO A LA CONSULTA
Contrato de trabajo que acredite la condición de personal fijo en el Centro Informático para la Gestión Tributaria, Económico-Financiera y Contable			<input type="checkbox"/>
Títulos oficiales universitarios			<input type="checkbox"/>
Títulos oficiales no universitarios			<input type="checkbox"/>
Certificado de las retribuciones percibidas en el año anterior a la publicación de esta orden, detallada por conceptos y mensualidades			<input type="checkbox"/>
Resolución de concesión de la situación administrativa de la persona solicitante que se encuentre en situación distinta de la de servicio activo			<input type="checkbox"/>

ANEXO I  
(continuación)



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE LA PROTECCIÓN DE DATOS PERSONALES	
Responsable del tratamiento	Xunta de Galicia. Consellería de Hacienda y Administración Pública. Secretaría General Técnica y del Patrimonio.
Finalidades del tratamiento	Tramitar este procedimiento, verificar los datos y documentos que la persona interesada aporte en su solicitud para comprobar la exactitud de estos, llevar a cabo las actuaciones administrativas que deriven e informar sobre el estado de tramitación. Asimismo, los datos personales se incluirán en la Carpeta ciudadana de cada persona interesada para facilitar el acceso a la información, tanto personal como de carácter administrativo.
Legitimación para el tratamiento	El cumplimiento de una tarea en interés público o el ejercicio de poderes públicos según la normativa recogida en el formulario, en la página <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> y en la ficha del procedimiento en la Guía de procedimientos y servicios. Consentimiento de las personas interesadas, cuando corresponda.
Destinatarios de los datos	Las administraciones públicas en el ejercicio de sus competencias.
Ejercicio de derechos	Las personas interesadas podrán solicitar el acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidad y supresión de sus datos o retirar, en su caso, el consentimiento otorgado a través de la sede electrónica de la Xunta de Galicia o en los lugares y registros establecidos en la normativa reguladora del procedimiento administrativo común, según se recoge en <a href="https://www.xunta.gal/ejercicio-de-derechos">https://www.xunta.gal/ejercicio-de-derechos</a> .
Contacto con la persona delegada de protección de datos y más información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEGISLACIÓN APLICABLE**

Decreto 129/2012, de 31 de mayo, por el que se regula el régimen aplicable a personal de las entidades instrumentales integrantes del sector público autonómico de Galicia que sean objeto de creación, adaptación o extinción (*Diario Oficial de Galicia* número 112, de 13 de junio).

Orden de 5 de abril de 2021 por la que se regula el procedimiento de integración como personal laboral de la Xunta de Galicia del personal laboral fijo de la Agencia para la Modernización Tecnológica de Galicia procedente del suprimido Centro Informático para la Gestión Tributaria, Económico-Financiera y Contable (código de procedimiento AP100A).

**FIRMA DE LA PERSONA SOLICITANTE O REPRESENTANTE**

  
  
  

Lugar y fecha

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

ANEXO II  
**Tabla de homologaciones de categorías profesionales**

Instituto Galego da Calidade Alimentaria		V Convenio	
POSTO	TITULACIÓN	GRUPO	CATEGORÍA
Xefatura departamento calidade diferencial	Titulado universitario	I	4
Técnico departamento calidade diferencial	Titulado universitario	I	4

Nota: o grupo e categoría profesional que se recollen no anexo II da presente orde ten por obxecto dar cumprimento ao disposto no artigo 8.3 do Decreto 129/2012 e se establecen sen prexuízo do grupo e categoría profesional na que definitivamente se integre, no seu caso, na Administración da Xunta de Galicia o persoal incluído no ámbito de aplicación da presente orde.